



**XUNTA DE GALICIA**  
SECRETARÍA XERAL PARA  
O DEPORTE

ANEXO IV

**DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSA EN PROHIBICIÓNS**

<div style="background-color: #ffffcc; height: 15px; border: 1px solid black;"></div>	
presidente/a	<div style="background-color: #ffffcc; height: 15px; border: 1px solid black;"></div>
solicitante de subvención da Secretaría Xeral para o Deporte para a adquisición de equipamentos deportivos.	
Actuación concreta para a cal solicita a axuda:	
<div style="background-color: #ffffcc; height: 40px; border: 1px solid black;"></div>	
<b>DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:</b>	
que a entidade que represento non está incursa en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario que se sinalan no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.	
<p style="text-align: center;">_____, de _____ de _____</p>	
(Sinatura e selo)	
Asdo.:	

**CONSELLERÍA DE MEDIO  
AMBIENTE, TERRITORIO  
E INFRAESTRUTURAS**

*Orde do 23 de xullo de 2010 pola que se aproba inicialmente o Plan de ordenación do litoral de Galicia, se procede á apertura do trámite de información pública e se adoptan medidas cautelares.*

O Decreto 316/2009, do 4 de xuño, no seu artigo 1 establece que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas é o órgano de administración da comunidade autónoma ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de

ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, vivenda e solo, infraestruturas e mobilidade consono o establecido no Estatuto de autonomía de Galicia, nos termos sinalados na Constitución española.

A Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, ten como finalidade establecer os obxectivos fundamentais e crear os instrumentos necesarios para a coordinación da política territorial e a ordenación do espazo da Comunidade Autónoma de Galicia, co obxecto de favorecer a utilización racional do territorio galego e protexer o medio natural; un dos seus obxectivos fundamentais é, segundo o seu artigo 3, a compatibilización do proceso de desenvolvemento do sistema produtivo, da

urbanización e da ordenación turística coa racional utilización dos recursos naturais, sobre todo no tocante ao litoral, aos recursos hidráulicos e á paisaxe.

A Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia establece no seu artigo 2 que o Plan sectorial de ordenación do litoral a que fai referencia a disposición transitoria oitava da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, terá a natureza dun Plan territorial integrado regulado na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

O Plan de ordenación do litoral (POL) é un instrumento de ordenación territorial, que ten por obxecto, de conformidade co artigo 2 da Lei 6/2007, do 11 de maio, establecer os criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral baseado en criterios de perdurabilidade e sustentabilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

O artigo 2 da Lei 6/2007, do 11 de maio, establece que o procedemento de aprobación do Plan de ordenación do litoral axustarase ao disposto nos artigos 5 bis e 15 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

De conformidade co artigo 15 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia acordar a iniciación do procedemento da súa elaboración.

A Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, establece no seu artigo 5 que de conformidade co disposto nos artigos 3 e 4 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica (AAE) os instrumentos de ordenación do territorio regulados na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio. O artigo 7 da Lei 6/2007, do 11 de maio, establece que o proceso de avaliación ambiental estratéxica dos instrumentos de ordenación do territorio se tramitará simultaneamente co procedemento legalmente establecido para a súa aprobación, e o seu artigo 6 sinala que para os efectos establecidos na Lei 9/2006, do 28 de abril, as funcións correspondentes ao órgano promotor serán exercidas respecto dos instrumentos de ordenación do territorio polo departamento autonómico responsable da súa tramitación.

O proceso de AAE do POL comeza coa elaboración do documento de inicio, que tivo entrada o 2 de febreiro de 2009 na Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da entón Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, iniciándose o procedemento nº 816/2009. Tras o período de consultas, elabórase o documento de referencia que, de conformidade co que se dispón no artigo 9 da Lei 9/2006,

do 28 de abril, guiará o procedemento de avaliación ambiental estratéxica, remitido o 3 de abril de 2009 pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible. O contido do documento de inicio e do de referencia son públicos e pódense consultar na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (<http://aae.medioambiente.xunta.es>).

O órgano promotor elaborou o informe de sustentabilidade ambiental (ISA), de acordo co que se dispón no artigo 8 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, e segundo os criterios contidos no documento de referencia redactado polo órgano ambiental. Redactado o Plan de ordenación do litoral, e antes da súa aprobación inicial, someteuse a informe das corporacións locais no seu ámbito de aplicación, das deputacións provinciais respectivas, e das entidades de carácter supramunicipal con incidencia na área, trámite para o que se establece na lei o prazo de dous meses, dando cumprimento ao establecido no artigo 15.2º da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia. Como consecuencia da petición formulada pola Federación Galega de Municipios e Provincias, por orde desta consellería do 9 de marzo de 2010, acordouse ampliar o prazo inicial de dous meses para a emisión do informe de referencia en trinta días naturais máis, contados desde a data de finalización do primeiro prazo.

De conformidade co que se establece no artigo 15.3º da Lei 10/1995, do 23 de novembro, co acordo de aprobación inicial adoptárase o de apertura do trámite de información pública por un período de dous meses, e solicitarase informe da Delegación do Goberno, que deberá emitilo en igual termo. Segundo o artigo 7.5º da Lei 6/2007, do 11 de maio, o POL unha vez aprobado inicialmente con todos os documentos que o integran, incluído o informe de sustentabilidade ambiental, someterase simultaneamente ás consultas previstas no documento de referencia e a información pública durante o prazo mínimo de dous meses. Dada a integración de procedementos establecida no artigo 7 da Lei 6/2007, do 11 de maio, estas consultas faranse simultaneamente co período de información pública previsto no número 3º do artigo 15 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de maneira que o documento de aprobación inicial conterá o ISA. O documento de referencia definiu as modalidades de información e consulta e identificación das administracións públicas afectadas e do público interesado, de conformidade co artigo 9.2º da Lei 9/2006, do 28 de abril.

O POL plasma un modelo de litoral que reflicte a visión supramunicipal do territorio costeiro e que é fiel reflexo do obxecto en que consiste o contido planificador da ordenación do territorio, tal e como o consagrou a xurisprudencia constitucional, é dicir, a fixación dos usos do solo e o equilibrio entre as distintas partes do territorio. Baséase para iso en dous aspectos esenciais: un o de sustentabilidade do

territorio e, en segundo lugar, a «capacidade de carga» entendida como a aptitude dun territorio para soportar un nivel de intensidade de usos sen que, en ningún caso, se produza un proceso de deterioración ambiental, social ou cultural.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 5 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, o POL dá cumprimento á obrigatoriedade de que os poderes públicos velen para que no ámbito da súa competencia e da natureza de cada territorio se adopten as medidas específicas necesarias para a protección, xestión e ordenación da paisaxe, e integrar a consideración da paisaxe nas políticas de ordenación territorial e urbanística, así como en calquera outra política sectorial que poida producir un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe.

Da análise e estudo das unidades de paisaxe dentro do Plan de ordenación do litoral, reflíctese que existen desenvolvementos urbanísticos previstos no ámbito do POL, sitios máis alá dos 500 metros, pero en áreas de interese e fráxil valor ambiental, nos cales cobra especial sentido o obxectivo principal dun Plan de ordenación do litoral, coma é garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

A degradación do litoral ten como principal actor o urbanismo sen límites, o cal ocasiona un grave problema de perda de valor dun territorio e unha paisaxe fortemente apreciados pola poboación que é ao mesmo tempo un recurso patrimonial, económico, ambiental e funcional. Este modelo de crecemento orixina unha serie de impactos e efectos perturbadores que afectan directamente o sistema litoral no seu conxunto, creando unha serie de disfuncións que poñen en perigo o propio funcionamento do sistema costeiro. A impermeabilización dos solos, a fragmentación dos hábitats, a perda de biodiversidade, a presión sobre a calidade e a cantidade dos recursos hídricos, a contaminación e produción de residuos son só algunhas das consecuencias destes procesos de intensa urbanización. O crecemento urbano é necesario, pero debe responder a un modelo de desenvolvemento equilibrado e sustentable. A definición do modelo de ocupación do territorio corresponde aos instrumentos de ordenación do territorio en coordinación cos plans xerais de ordenación municipal.

Unha das novidades introducidas polo POL é a dos corredores ecolóxicos, cumprindo así o establecido no artigo 20 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, que establece que as administracións públicas preverán mecanismos para lograr a conectividade ecolóxica do territorio, establecendo ou restablecendo corredores, en particular entre os espazos da protexida Rede Natura 2000 e entre aqueles espazos naturais de singular relevancia para a biodiversidade. Para iso outorgarase un papel prioritario aos cursos fluviais, ás vías pecuarias, ás áreas de montaña e a outros

elementos do territorio, lineais e continuos, ou que actúan como puntos de ligazón, con independencia de que teñan a condición de espazos naturais protexidos.

O litoral conforma o ámbito de maior densidade e maior dinámica poboacional, pero a súa paisaxe constitúe tamén un dos valores máis apreciados como recurso turístico e económico de Galicia e de conectividade ecolóxica do territorio. O estudo exhaustivo e a análise dos desenvolvementos urbanísticos previstos na zona litoral poñen de relevo a necesidade de establecer unha nova suspensión daquelas actuacións cuxo desenvolvemento ou implantación contradiga os valores do solo postos de manifesto neste plan territorial integrado, ben que cinguido só ao ámbito daqueles desenvolvementos urbanísticos non compatibles co Plan de ordenación do litoral, levantándose a dita suspensión nos supostos de compatibilidade con el. En consecuencia, logo de valorar tanto os intereses públicos como os de carácter privado, considerouse imprescindible adoptar determinadas medidas cautelares. Concretamente, e atendendo ao diagnóstico realizado nas actuacións do plan en tramitación, considerouse necesario preservar a realidade física litoral dos espazos en que os seus valores paisaxísticos e ambientais se puxeron de manifesto, de calquera actividade de transformación, tendo moi presente que, segundo o artigo 2 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, este plan territorial integrado ten como obxecto e fin garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

As medidas que aquí se adoptan atopan cobertura nas previsións do artigo 5.bis da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, que no seu primeiro punto establece: «Acordada polo Consello da Xunta de Galicia a iniciación do procedemento de elaboración de calquera instrumento de ordenación do territorio, a persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, de forma motivada, poderá suspender preventivamente os procedementos de aprobación do planeamento urbanístico, dos instrumentos de xestión ou execución do planeamento e de outorgamento de licenzas para ámbitos ou para usos determinados, coa finalidade de elaborar o instrumento de que se trate. Esta suspensión deberase publicar no *Diario Oficial de Galicia*».

No *Diario Oficial de Galicia* do 15 de maio de 2009 publicouse a Orde do 14 de maio de 2009 pola que se acordou a suspensión cautelar previa á aprobación inicial do Plan de ordenación do litoral de Galicia. Estas medidas de aplicación nos municipios con planeamento xeral non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, son de aplicación durante o prazo dun ano contado desde a entrada en vigor desta orde (o mesmo día da súa publicación) ou ata a aprobación inicial do Plan de ordenación do

litoral ou a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal adaptado integramente á Lei 9/2002, do 30 de decembro. En consecuencia, a aprobación inicial do POL que se realiza nesta orde, supón levantar ou deixar sen efecto a suspensión acordada mediante as ordes da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 14 de maio de 2009, pola que se acorda a suspensión cautelar previa á aprobación inicial do Plan de ordenación do litoral de Galicia e do 30 de abril de 2010, pola que se acorda a extensión de efectos da suspensión cautelar previa á aprobación inicial do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 3 de maio de 2010.

O artigo 5.bis da Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia, establece no seu parágrafo 2 que «a suspensión a que se refire o número 1 anterior extingúirase coa aprobación definitiva do instrumento de ordenación do territorio que motivou a adopción da medida cautelar de suspensión e, en todo caso, polo transcurso do prazo de dous anos contados desde a data do acordo de suspensión, prorrogable por un ano máis. Extinguidos os efectos da suspensión por aplicación deste artigo, non poderán acordarse novas suspensións no mesmo ámbito e por idéntica finalidade no prazo de catro anos».

Na súa virtude,

#### DISPOÑO:

Primeiro.-Aprobar inicialmente o Plan de ordenación do litoral de Galicia, incluíndo o seu informe de sustentabilidade ambiental.

Segundo.-Publicar esta orde no *Diario Oficial de Galicia*, no BOE, así como en dous xornais dos de maior circulación na comunidade autónoma.

Terceiro.-Someter a información pública o Plan de ordenación do litoral de Galicia aprobado inicialmente con todos os documentos que o integran, incluído o informe de sustentabilidade ambiental, así como a fase de consultas prevista no documento de referencia, durante o prazo de dous meses contados a partir da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, para os efectos establecidos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, co fin de que poidan presentar as alegacións e informes que consideren convenientes.

Durante o citado prazo, a documentación do Plan de ordenación do litoral de Galicia, incluído o informe de sustentabilidade ambiental, poderá ser examinado nos seguintes lugares:

a) Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

b) Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, e

c) Departamentos territoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Así mesmo, poderá ser consultada a documentación no enderezo electrónico <http://www.cmati.xunta.es>

Cuarto.-Solicitar igualmente informe da Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Galicia, que o evacuará no prazo de dous meses, conforme prevé o artigo 15.3º da Lei 10/1995, do 23 de novembro.

Quinto.-A aprobación inicial do POL referida anteriormente supón o levantamento da suspensión de novos desenvolvementos urbanísticos na zona litoral, acordada polas ordes da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 14 de maio de 2009, pola que se acorda a suspensión cautelar previa á aprobación inicial do Plan de ordenación do litoral de Galicia e do 30 de abril de 2010, pola que se acorda a extensión de efectos da suspensión cautelar previa á aprobación inicial do Plan de ordenación do litoral de Galicia.

Sexto.-Acordar a suspensión de todas as actuacións cuxo desenvolvemento ou implantación contradiga os valores do solo postos de manifesto neste plan territorial integrado, en concreto, as relativas aos ámbitos de solo clasificado como urbano non consolidado, solos de reserva urbana, urbanizables, rústicos aptos para o desenvolvemento urbanístico, e solos aptos para urbanizar, cuxo grao de compatibilidade co Plan de ordenación do litoral de Galicia sexa grao 2, grao 3 e grao 4 recollidos como tales no anexo desta orde.

Sétimo.-As medidas de suspensión a que se refire o punto sexto desta orde serán de aplicación nos municipios incluídos no ámbito de aplicación del Plan de ordenación do litoral de Galicia, con planeamento xeral non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ata a aprobación definitiva do Plan de ordenación do litoral, de conformidade co disposto no artigo 5.bis da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

Oitavo.-En atención a circunstancias relevantes de interese xeral a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas poderá, de forma motivada, modular ou deixar sen efecto, total ou parcialmente, as medidas cautelares previstas nesta orde.

Noveno.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2010.

Agustín Hernández Fernández de Rojas  
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio  
e Infraestruturas

ANEXO

Provincia	Concello	Código POL *	Nome ámbito	Compatibilidade POL
Lugo	Burela	27902_02_001	SUB-A (P/RAU,D,EL) S-A/P	G4
Lugo	Burela	27902_02_002	SUB-B (P/RAU) S-B/NP	G4
Lugo	Burela	27902_02_003	SUB-C (p/RA,D) S-C/NP	G4
Lugo	Burela	27902_02_004	SUB-D (p/EL) S-D/P	G4
Lugo	Burela	27902_02_005	SUB-E (p/UM) S-E/NP	G4
Lugo	Burela	27902_02_006	SUB-F (P/RAU) S-F/NP	G4
Lugo	Burela	27902_02_007	SUB-G (P/D) S-G/NP	G4
Lugo	Burela	27902_02_008	SUB-B (P/RAU) S-H/NP	G4
Lugo	Burela	27902_02_009	SUB-I (P/D) S-I/NP	G4
Lugo	Burela	27902_02_010	SUB-O (P/UM) S-O/NP	G4
Lugo	Burela	27902_02_011	SUB-M (p/I) S-M/NP	G4
Lugo	Burela	27902_11_007	PERI-OC Os Castros (Burela)	G2
Lugo	Cervo	27013_02_001	SUB_SanCibrao-Cervo	G4
Lugo	Cervo	27013_02_002	SUB-Cuñía	G4
Lugo	Cervo	27013_02_003	SUB_SanCibrao-Cervo	G4
Lugo	Cervo	27013_02_004	SUB_SanCibrao-Cervo	G4
Lugo	Cervo	27013_02_006	SUB_SanCibrao-Cervo	G4
Lugo	Cervo	27013_02_007	SUB_SanCibrao-Cervo	G4
Lugo	Foz	27019_02_001	SUB 1 (P/R)	G4
Lugo	Foz	27019_02_002	SUB 2 (P/UM)	G4
Lugo	Foz	27019_02_003	SUB 3 (P/RD)	G4
Lugo	Foz	27019_02_004	SUB 4 (P/R)	G4
Lugo	Foz	27019_02_005	SUB 5 (P/R)	G4
Lugo	Foz	27019_02_006	SUB 6 (P/I)	G4
Lugo	Foz	27019_02_007	SUB 7 (p/RD)	G4
Lugo	Foz	27019_02_008	SUB 8 (P/RD)	G4
Lugo	Foz	27019_02_009	SUB 9 (P/RD)	G4
Lugo	Foz	27019_02_010	SUB 10 (P/UM)	G4
Lugo	Foz	27019_02_011	SUB 11 (P/R)	G4
Lugo	Foz	27019_02_012	SUB 12 (P/UM)	G4
Lugo	Foz	27019_02_013	SUB 13A (p/D+EL)	G4
Lugo	Foz	27019_02_014	SUB 13B (p/D)	G4
Lugo	Foz	27019_02_015	SUB 14 (P/R)	G4
Lugo	Foz	27019_02_016	SUB (P/RDD)	G4
Lugo	O Vicedo	27064_02_001	S.R.A-R	G4
Lugo	O Vicedo	27064_02_002	S.R.A-I	G4
Lugo	O Vicedo	27064_11_001	PNC-1 (O Vicedo)	G3
Lugo	O Vicedo	27064_11_010	PNC-10 (O Vicedo)	G3
Lugo	Ribadeo	27051_01_001	Reserva Urbana 1	G4
Lugo	Ribadeo	27051_01_002	Reserva Urbana 2	G4
Lugo	Ribadeo	27051_01_003	Reserva Urbana Zona Industrial	G4
Lugo	Viveiro	27066_11_001	PE Convento Valdeflores (Viveiro)	G2
Lugo	Xove	27025_02_002	SAU 3	G4
Lugo	Xove	27025_02_004	SUNDI	G4
A Coruña	A Coruña	15030_01_001	S-1 RE O Portiño	G2
A Coruña	A Coruña	15030_02_001	SRAU Palavea	G4
A Coruña	A Coruña	15030_02_002	SRAU As Rañas	G4
A Coruña	A Coruña	15030_02_003	SRAU Zapateira	G4
A Coruña	A Laracha	15041_02_001	SUBLEND Tipo I	G4
A Coruña	A Laracha	15041_02_002	SUBLEND Tipo I	G4
A Coruña	A Laracha	15041_02_003	SUBLEND Tipo I	G4
A Coruña	A Laracha	15041_11_004	AR-C4 (Caión)	G2
A Coruña	A Laracha	15041_11_005	AR-C5 (Caión)	G2
A Coruña	Ares	15004_02_001	SAU/N Redes	G4
A Coruña	Ares	15004_02_002	SAU/N Ares	G4
A Coruña	Ares	15004_02_003	SAU/N Ares	G4
A Coruña	Arteixo	15005_02_008	SAUR-1	G4
A Coruña	Bergondo	15008_02_001	UR-R1	G4
A Coruña	Bergondo	15008_02_002	UR-R2	G4
A Coruña	Bergondo	15008_02_003	UR-R2	G4
A Coruña	Bergondo	15008_02_004	UR-R4	G4
A Coruña	Bergondo	15008_02_005	UR-R3	G4
A Coruña	Bergondo	15008_02_006	UR-R1	G4

Provincia	Concello	Código POL *	Nome ámbito	Compatibilidade POL
A Coruña	Bergondo	15008_11_003	U.A-3 (Gandaría)	G2
A Coruña	Bergondo	15008_11_005	U.A-5 (Gandaría)	G2
A Coruña	Bergondo	15008_11_006	U.A-6 (Gandaría)	G2
A Coruña	Betanzos	15009_02_001	SAUR-1 Carregal	G4
A Coruña	Betanzos	15009_02_002	SAUR-2 Betanzos Novo	G4
A Coruña	Betanzos	15009_02_003	SAUR-3 A Magdalena	G4
A Coruña	Betanzos	15009_02_004	SAUR-5 Frade	G4
A Coruña	Betanzos	15009_11_002	UEI13 (O Vilar)	G2
A Coruña	Betanzos	15009_11_008	UEI21 (O Vilar)	G2
A Coruña	Betanzos	15009_11_012	UEI25 (Magdalena)	G2
A Coruña	Betanzos	15009_11_013	UEI27 (Parque do Pasatempo)	G3
A Coruña	Boiro	15011_01_003	SURPP B-3	G2
A Coruña	Boiro	15011_01_008	SURPP C3	G2
A Coruña	Boiro	15011_02_001	SRA-R	G4
A Coruña	Boiro	15011_02_002	SRA-R	G4
A Coruña	Boiro	15011_02_003	SRA-R	G4
A Coruña	Boiro	15011_02_004	SRA-R	G4
A Coruña	Boiro	15011_02_005	SRA-R	G4
A Coruña	Boiro	15011_02_006	SRA-R	G4
A Coruña	Boiro	15011_02_007	SRA-R	G4
A Coruña	Boiro	15011_02_008	SRA-R	G4
A Coruña	Boiro	15011_02_009	SRA-R	G4
A Coruña	Boiro	15011_02_010	SRA-R	G4
A Coruña	Boiro	15011_02_011	SRA-R	G4
A Coruña	Boiro	15011_02_012	SRA-R	G4
A Coruña	Boiro	15011_02_013	SRA-R	G4
A Coruña	Boiro	15011_02_014	SRA-I	G4
A Coruña	Boiro	15011_11_004	E-4 (Escarabote)	G2
A Coruña	Boiro	15011_11_006	C-1 (Cabo de Cruz)	G2
A Coruña	Boiro	15011_11_009	PE-C-1	G2
A Coruña	Boiro	15011_11_010	PE-C-2	G2
A Coruña	Boiro	15011_11_011	PE-C-3	G2
A Coruña	Boiro	15011_11_012	PE-E-1	G3
A Coruña	Boiro	15011_11_013	PE-C-4	G2
A Coruña	Cabana de Bergantiños	15014_02_001	APU	G4
A Coruña	Cabana de Bergantiños	15014_02_002	APU	G4
A Coruña	Cabana de Bergantiños	15014_02_003	APU	G4
A Coruña	Cabana de Bergantiños	15014_02_004	APU	G4
A Coruña	Cabana de Bergantiños	15014_02_005	APU	G4
A Coruña	Cabana de Bergantiños	15014_02_006	APU	G4
A Coruña	Cabana de Bergantiños	15014_02_007	APU	G4
A Coruña	Cabana de Bergantiños	15014_11_001	A.R.1 (Lodeiro-A Carballa)	G2
A Coruña	Cabana de Bergantiños	15014_11_003	A.R.3 (Lodeiro-A Carballa)	G3
A Coruña	Cabana de Bergantiños	15014_11_004	A.R.4 (Lodeiro-A Carballa)	G2
A Coruña	Cabana de Bergantiños	15014_11_005	A.R.5 (Lodeiro-A Carballa)	G3
A Coruña	Cabana de Bergantiños	15014_11_006	A.R.6 (Lodeiro-A Carballa)	G3
A Coruña	Cabanas	15015_02_001	SAU Cabanas	G4
A Coruña	Cambre	15017_02_001	SAU-RD 1	G4
A Coruña	Cambre	15017_02_002	SAU-BD 2	G4
A Coruña	Cambre	15017_02_006	SAU-BD 4	G4
A Coruña	Carballo	15019_02_001	SRAU Residencial 1 Razo	G4
A Coruña	Carballo	15019_02_002	SRAU Residencial 2 Razo	G4
A Coruña	Carballo	15019_02_003	SRAU Residencial 3 A Pedra do Sal	G4
A Coruña	Carballo	15019_11_001	PAR-1 (Razo)	G2
A Coruña	Carballo	15019_11_002	PAR-2 (Razo)	G2
A Coruña	Carballo	15019_11_003	PAR-3 (Razo)	G2
A Coruña	Carballo	15019_11_004	PAR-4 (Razo)	G2
A Coruña	Carballo	15019_11_005	PAR-5 (Razo)	G2

Provincia	Concello	Código POL*	Nome ámbito	Compatibilidade POL
A Coruña	Carballo	15019_11_006	PPSI (A Pedra do Sal)	G3
A Coruña	Cariño	15901_02_001	S.R.A.U. 1	G4
A Coruña	Cariño	15901_02_002	S.R.A.U. 2	G4
A Coruña	Cariño	15901_02_003	S.R.A.U. 3	G4
A Coruña	Cariño	15901_02_004	S.R.A.U. 4	G4
A Coruña	Cariño	15901_02_005	S.R.A.U. 5	G4
A Coruña	Cariño	15901_02_006	S.R.A.U. 6	G4
A Coruña	Cariño	15901_02_007	S.R.A.U. 7	G4
A Coruña	Cariño	15901_11_004	POL.4 (Cariño)	G2
A Coruña	Cariño	15901_11_008	POL.8 (Cariño)	G2
A Coruña	Cariño	15901_11_010	POL.10 (Cariño)	G2
A Coruña	Cariño	15901_11_022	PERI_O Sagrón (Cariño)	G2
A Coruña	Camota	15020_02_001	SAU-1	G4
A Coruña	Camota	15020_02_002	SAU-2	G4
A Coruña	Camota	15020_02_003	SAU-3	G4
A Coruña	Camota	15020_02_004	SAU-4	G4
A Coruña	Camota	15020_11_002	U.E.2 (Camota)	G2
A Coruña	Camota	15020_11_003	U.E.3 (Camota)	G2
A Coruña	Camota	15020_11_004	U.E.4 (Camota)	G2
A Coruña	Camota	15020_11_005	U.E.5 (Camota)	G2
A Coruña	Camota	15020_11_015	POL-1 (Niño de Can)	G2
A Coruña	Camota	15020_11_016	POL-2 (Niño de Can)	G2
A Coruña	Camota	15020_11_017	POL-1 (Primilladoira)	G3
A Coruña	Camota	15020_11_018	POL-2 (Primilladoira)	G3
A Coruña	Cedeira	15022_01_001	SUP sector 1	G4
A Coruña	Cedeira	15022_02_001	SUNPR. Área 1 O Beco	G4
A Coruña	Cedeira	15022_02_002	SUNPR. Área 2 A Madalena	G4
A Coruña	Cee	15023_02_001	SAU-1	G4
A Coruña	Culleredo	15031_02_001	SUNP-1	G4
A Coruña	Culleredo	15031_02_002	SUNP-4	G4
A Coruña	Culleredo	15031_02_004	SUNP-5	G4
A Coruña	Culleredo	15031_02_009	SUNP-2	G4
A Coruña	Culleredo	15031_11_003	U.A-8 (Fonteculler)	G2
A Coruña	Culleredo	15031_11_008	U.A-18 (Corveira)	G2
A Coruña	Fene	15035_01_001	SUBLE. APE-5 Casino Norte	G2
A Coruña	Fene	15035_01_003	SUBLE. APE-25 Bouza de Pena	G2
A Coruña	Fene	15035_02_001	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_002	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_003	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_004	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_005	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_006	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_007	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_008	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_009	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_010	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_011	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_012	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_013	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_014	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_015	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_016	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_017	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_018	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_019	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_021	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_022	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_023	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_024	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_025	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_026	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_027	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_028	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_029	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_030	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_031	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_032	S.R.A.U.	G4

Provincia	Concello	Código POL*	Nome ámbito	Compatibilidade POL
A Coruña	Fene	15035_02_034	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_035	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_036	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_037	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_038	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_02_040	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Fene	15035_11_006	A.P.E.27 (Fene)	G2
A Coruña	Fene	15035_11_007	A.P.E.28 (Fene)	G3
A Coruña	Fene	15035_11_008	A.P.E.29 (Fene)	G3
A Coruña	Fene	15035_11_009	A.P.E.30 (Fene)	G3
A Coruña	Ferrol	15036_02_001	SRAU-A1	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_002	SRAU-A1	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_003	SRAU-A1	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_004	SRAU-A1	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_005	SRAU-A1	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_006	SRAU-A	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_007	SRAU-A	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_008	SRAU-A	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_009	SRAU-A	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_010	SRAU-A	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_011	SRAU-A	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_012	SRAU-B	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_013	SRAU-B	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_014	SRAU-B	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_015	SRAU-A	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_016	SRAU-A	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_017	SRAU-A	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_018	SRAU-A	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_019	SRAU-A	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_020	SRAU-A	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_021	SRAU-A	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_022	SRAU-A	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_023	SRAU-A	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_023_A	SRAU-A	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_024	SRAU-A	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_025	SRAU-A	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_026	SRAU-A	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_027	SRAU-A	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_028	SRAU-B	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_029	SRAU-B	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_030	SRAU-B	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_031	SRAU-B	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_032	SRAU-B	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_033	SRAU-A	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_034	SRAU-A	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_035	SRAU-A	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_036	SRAU-C	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_037	SRAU-C	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_038	SRAU-C	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_039	SRAU-C	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_040	SRAU-C	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_041	SRAU-C	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_042	SRAU-D	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_043	SRAU-D	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_044	SRAU-D	G4
A Coruña	Ferrol	15036_02_046	SRAU-A	G4
A Coruña	Fisterra	15037_02_001	SAU	G4
A Coruña	Malpica de Bergantiños	15043_02_001	SAUR-Canido	G4
A Coruña	Malpica de Bergantiños	15043_02_002	SAUI- sector 2	G4
A Coruña	Malpica de Bergantiños	15043_11_002	UA-2 (Malpica)	G2
A Coruña	Malpica de Bergantiños	15043_11_003	UA-3 (Malpica)	G2
A Coruña	Malpica de Bergantiños	15043_11_004	UA-4 (Malpica)	G3

Provincia	Concello	Código POL*	Nome ámbito	Compatibilidade POL
A Coruña	Malpica de Bergantiños	15043_11_005	UA-5 (Malpica)	G3
A Coruña	Malpica de Bergantiños	15043_11_007	UA-7 (Malpica)	G3
A Coruña	Miño	15048_01_002	SUBLE.R-2	G2
A Coruña	Miño	15048_02_001	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Miño	15048_02_002	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Miño	15048_02_003	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Miño	15048_02_004	S.R.A.U.	G4
A Coruña	Miño	15048_02_005	S.R.A.U.	G4
